

Luís Antonio Pérez Barral, concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Ribeira, presento as seguintes **ALEGACIÓNS ao Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán** dirixidas á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Exposición de motivos

Desde o BNG consideramos que o documento presentado pola Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda chega tarde, mal e arrastro por tres razóns; chega tarde porque o documento debería estar aprobado pouco despois de protexerse a zona en 1992, chega mal porque ten carencias importantes que non responden ás demandas históricas da poboación, nin aumenta a protección dos valores naturais e chega arrastro porque nin tan sequera se falou coa veciñanza que posúe terreos na zona protexida.

Creemos que presentar un documento sen contar coa participación dos colectivos ambientais e sociais é un erro de partida e consideramos que se pretende aprobar o documento á presa cando tan só se deixan 15 días para presentar alegacións. Isto é un síntoma do pouco que lle importa, aos responsábeis políticos desta consellaría da Xunta de Galiza, a natureza e os problemas que lles provoca á veciñanza as eivas deste PRUX así como a falta de investimentos ao longo das últimas décadas.

Moitos dos problemas que hoxe en día presenta o Parque Natural teñen un nome propio, Partido Popular, pois son os seus dirixentes os causantes de sumir ao parque nun absoluto estado de abandono, onde non hai investimentos suficientes e onde as demandas veciñais son sistematicamente ignoradas. Esta inacción non só implica á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda senón que tamén implica á Xunta Reitora do Parque Natural ou ao propio Concello de Ribeira.

En contraposición, desde o BNG presentamos estas alegacións que poden resumirse en 3 eixos fundamentais; máis investimentos para conservación da natureza, resolver as demandas formuladas polos colectivos veciñais e promover actuacións que rivitalicen a zona natural.

ALEGACIÓNS AO PRUX:

Beneficios para as persoas propietarias de terreos

Ao longo das 170 páxinas só podemos atopar unha mención á poboación que vive dentro do Parque Natural malia detallarse no punto 4.2.1.p que é un obxectivo do Plan Reitor de Uso e Xestión:

“Mellorar a calidade de vida dos habitantes do Parque mediante a adopción de medidas de dinamización e desenvolvemento económico, dirixidas especialmente ás actividades relacionadas co uso público, o turismo e o aproveitamento sostible dos recursos naturais.”

Desde o ano en que se declarou parque natural até o presente ano nunca se aprobou un PRUX malia ser unha obriga legal ter este documento. Isto só pode cualificarse como un desleixo por parte da administración galega que trouxo importantes restricións ás persoas propietarias de terreos dentro do zona protexida. Desde o BNG entemos que estas restricións e inconvenientes foron acrecentados pola parálise á hora de realizar un PRUX que permitise seguir desenvolvendo tarefas tradicionais que fosen compatíbeis coa conservación do medio natural. Os efectos desta parálise poden verse hoxe en moitos terreos que ficaron completamente abandonados. Esta indefinición foi provocada pola administración

pública ao non ter aprobado en tempo e forma un documento que é de obrigada existencia a partir dos dous anos de ser declarada a área como espazo protexido.

Negamos a afirmación que se fai no PRUX de que este abandono é “unha dinámica común na maior parte das paisaxes agrarias galegas” como se fose un castigo divino sen motivo explicábel. O abandono que se produce neste Parque é por mor das restricións, pola falta de investimentos, pola carencia de axudas, etc. por parte da Xunta de Galiza á hora de dinamizar unha zona de especial valor, ambiental, patrimonial e cultural.

ALEGACIÓN 1: Incluír partidas económicas dirixidas ás persoas propietarias de terreos dentro da zona protexida destinadas a promover e fomentar o cultivo das terras, a gandaría, a apicultura, a silvicultura e calquera outro tipo de actividades respectuosas co medio natural.

ALEGACIÓN 2: Crear un selo de calidade que permita a venda dos produtos que se poidan producir no Parque como unha marca de identidade duns produtos ecolóxicos, dada a calidade dos produtos que se poden comercializar ligados ao Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.

Planificación urbanística

Somos coñecedores de que tanto o PRUX, como o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN), implican restricións e limitacións á hora de facer construcións ou de ampliar as vivendas xa existentes dentro da zona protexida. Este tema é algo espiñento para o Concello de Ribeira pois o goberno local non ten vontade de actualizar o seu Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) que atalle a situación actual de falta de ordenación clara e un volume desmesurado de edificabilidade. A actualización do PXOM é necesaria para salvagardar os valores naturais pero tamén ordenar o territorio dunha maneira axeitada facilitando un urbanismo harmónico mediante a construción de vivendas unifamiliares, respectuosas co medio e integradas co entorno da zona protexida.

Segundo estipula o documento no seu punto 1.4.:

“O PRUX terá carácter vinculante e, de acordo co artigo 19 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, o PRUX prevalecerá sobre o plan urbanístico e ordenación do territorio. Cando as súas determinacións sexan incompatibles coas da normativa urbanística en vigor, os órganos competentes revisarán esta última de oficio.

As determinacións do PRUX aplicaranse sen prexuízo da lexislación agraria, forestal, de augas e demais normativa sectorial. No caso de contradición entre diferentes normas será de aplicación aquela de carácter máis protector sobre os valores naturais do parque.”

En realidade, calquera reforma urbanística do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira, está baixo o disposto no PORN do Parque Natural pero atopámonos ante un PXOM aprobado no ano 2002, e en vigor dende 2003, que non está actualizado en base ás normativas vixentes a día de hoxe.

ALEGACIÓN 3: Os instrumentos de planificación que se someten a aprobación definitiva, isto é, tanto a modificación do PORN como a aprobación do PRUX, deben ordenar urbanisticamente o territorio do Parque Natural, posto que a submisión á normativa municipal, o PXOM, é unha ferramenta desactualizada con respecto ás necesidades actuais.

ALEGACIÓN 4: Que o PRUX determine con maior grao de precisión que tipo de actuacións estarán permitidas e cales non nas zonas de uso compatíbel e xeral.

ALEGACIÓN 5: Permitir a construción de vivendas unifamiliares en terreos do Parque Natural sempre que estean nun núcleo consolidado de poboación.

ALEGACIÓN 6: Establecer unha normativa que permita a construción de vivendas unifamiliares en núcleos consolidados de poboación que deban atender a criterios e técnicas de construción sostíbeis, eficiencia enerxética, integración no contorno, aproveitamento dos recursos naturais, etc.

Rexeneración do espazo da canteira do Vilar

Se é pouco entendíbel que o Parque Natural prohiba a construción dunha vivenda unifamiliar, ampliar unha xa existente ou acceder cunha mascota á zona protexida, é menos entendíbel que o PRUX continúe permitindo a existencia dunha explotación mineira dentro da propia zona protexida. Esta situación supón unha contradición co sentido dun espazo natural de alto valor ecolóxico e ambiental, do que debemos preservar.

ALEGACIÓN 7: Incluír unha prohibición expresa dos aproveitamentos mineiros con concesións existentes con anterioridade á aprobación do presente plan.

ALEGACIÓN 8: Establecer as accións axeitadas que permitan rexenerar os terreos mediante tarefas que restauren o espazo da mellor maneira posíbel.

Compensación económica a persoas propietarias

As Administracións Públicas deben compaxinar o interese público que supón protexer e conservar o patrimonio natural desta área, dun grande valor ecolóxico, co dereito que teñen as persoas propietarias de terreos dentro do Parque Natural a desenvolverse economicamente e a seren compensadas, no caso de estaren dispostas a vender os seus terreos. Desde o BNG entendemos que se poden habilitar as partidas orzamentarias para que de maneira anual se poidan mercar terreos de persoas dispostas a vendelos para integralos ao patrimonio público.

ALEGACIÓN 9: Incluír no PRUX unha memoria económica que especifique partidas orzamentarias concretas para compensar ás persoas afectadas, propietarias de terreos e titulares de dereitos consolidados, ás que se lle limita o desenvolvemento das súas actividades e que estean en disposición de vender os seus terreos.

Programa financeiro

O PRUX presentado pola Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é claramente insuficiente, pois prevé investir no Parque 1 000 000 de euros en dez anos de vixencia que prevé ter o documento de uso e xestión.

Calquera persoa, por escasos coñecementos que teña da zona, sabe que destinar 100 000 euros ao ano non abonda para preservar os valores naturais, fomentar o uso tradicional das terras e revitalizar a zona desde o punto de vista social e económico.

No BNG confirmamos que existe un déficit histórico de financiamento que debe ser compensado con carácter urxente para paliar a situación de total abandono que rexistra o Parque ante a inacción das Administracións durante décadas.

En base a isto, cremos necesario que se faga un programa financeiro de investimentos ambicioso que permita mellorar dous aspectos fundamentais como son os seguintes:

- a) Preservación dos valores naturais do Parque no que se fomenta a recuperación de espazos degradados, eliminación de especies exóticas invasoras, a protección de flora e fauna ameazadas e a educación e sensibilización ambiental.
- b) Axudas e investimentos para estimular os labores tradicionais, fomentar o cultivo das terras, a gandería, a apicultura, a silvicultura e calquera outro tipo de actividades respectuosas co medio natural.

ALEGACIÓN 10: Aumentar significativamente os investimentos e o programa financeiro do Parque até chegar a unha cifra que permita desenvolver programas e actuacións, contempladas nos puntos a e b deste apartado, de maneira estábel no tempo e cos recursos económicos suficientes.

Xunta Reitora

Na actualidade a Xunta Reitora do Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán segundo o artigo 9.b. *“ten como propósito colaborar na xestión do Parque e canalizar a participación das persoas propietarias e os intereses sociais e económicos afectados”* algo a todas luces insuficiente para atender as peculiaridades e asuntos que atinxen ao Parque.

Consideramos que a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda volver crear a figura de director ou directora na Xunta Reitora do Parque que, xunto con persoal público coa cualificación técnica necesaria poida levar o día a día da zona protexida así como axilizar e facilitar os trámites burocráticos.

ALEGACIÓN 11: Realizar as modificacións legais oportunas volver dotar o Parque dun director ou directora e dotar de persoal con cualificación técnica suficiente que permita desenvolver as funcións e responsabilidades das que hoxe en día lle son atribuídas en virtude do decreto 139/1992, de 5 de xuño, e o decreto 265/2007, do 28 de decembro, polo que se modifica a composición das xuntas consultivas dos parques naturais de Galiza.

ALEGACIÓN 12: Garantir a transparencia e a participación dos colectivos antes da aprobación de documentos e regras de xestión importantes no Parque.

Problemas ocasionados polo xabaril

Segundo o punto 1.9.b no que trata a paisaxe agraria recoñécese que se *“cultivou millo en moitas das parcelas, cultivo que foi abandonándose na maioría da superficie pola redución dos animais domésticos, cambios de hábitos e, en gran medida, polos danos ocasionados polo xabaril, causante ademais de importantes danos nas poboacións das aves nidificantes no chan e, posiblemente obxecto de lumes intencionados para o seu control por parte dos veciños do parque”*. Se proseguimos analizando o documento, no punto 4.4.7.2.j recóllese que

“no caso dos danos causados polo xabaril, durante a duración do presente plan implementaranse as medidas preventivas que se consideren máis axeitadas para diminuír estes danos, tomando como referencia medidas semellantes que teñan funcionado noutros espazos e nos propios exemplos existentes no Parque; ao mesmo tempo, poderase seguir cos métodos de control poboacional que se viñan desenvolvendo. Ao remate do presente PRUX avaliarase a efectividade destes métodos e proporase a súa continuidade ou substitución por métodos máis efectivos, segundo sexa o caso”.

Xa que logo, a Administración galega é consciente de que esta especie está causando danos importantes nos cultivos, na flora e na fauna, tal e como se explicita no PRUX. A necesidade de realizar estudos e controis sobre a poboación desta especie vese moito máis clara no punto 4.4.7.4.c.viii:

*“Xestionar adecuadamente as poboacións do xabaril (*Sus scrofa*). Este mamífero ocasiona danos nos hábitats, especies de flora e fauna e cultivos, e é preciso fomentar a aplicación de medidas preventivas e pode continuarse co control das súa poboación mediante retirada de exemplares segundo a metodoloxía utilizada nos últimos anos. A eficacia destes métodos deberá ser revisada ao finalizar o presente PRUX. No informe elaborado por Lamosa et al. (2017) recóllense diferentes estudos que sinalan danos ocasionados polo xabaril sobre especies ameazadas, como o publicado por Galán (2015) sobre *Pelobates cultripes* en Corrubedo. É preciso facer unha avaliación da incidencia real do xabaril sobre especies ameazadas e hábitats de interese que fundamente, se fora o caso, a pertinencia de controis poboacionais para limitar o número ou o uso do espazo dos xabarís no Parque, coa fin de evitar danos en hábitats ou especies sensibles. No caso de se producir danos polo xabaril, durante a duración do presente plan o organismo competente, cos datos que vaia recollendo, implementará as medidas preventivas que se consideren máis axeitadas para diminuír estes danos en base ó estudo dos danos reais”.*

Porén, no Plan Reitor de Uso e Xestión, non se detallan as medidas que ten pensado levar a cabo a Administración para facer ese control e redución do número de exemplares que hai no Parque alén das avaliacións.

ALEGACIÓN 13: Que o PRUX inclúa actuacións detalladas, un calendario marcado para desenvolver as tarefas de redución dos danos provocados polo xabaril e uns obxectivos asumíbeis que poidan ser avaliados no tempo. Estas tarefas deberán contar con análises e criterios científicos que detallan as medidas a tomar de maneira que se preserven os valores naturais propios da zona protexida.

Subvencións e axudas

Como se expuxo no punto anterior, un dos problemas que hai na actualidade co xabaril é o dos danos que ocasiona nas terras labradas. O PRUX establece no punto 4.4.7.2.j:

“No caso dos danos causados polo xabaril, durante a duración do presente plan implementaranse as medidas preventivas que se consideren máis axeitadas para diminuír estes danos, tomando como referencia medidas semellantes que teñan funcionado noutros espazos e nos propios exemplos existentes no Parque...”

Ante esta situación e ante a unha carencia nas axudas e subvencións que se destinan ás zonas protexidas que hai en Galiza, propoñemos:

ALEGACIÓN 14: Habilitar liñas de axuda áxiles e eficaces para paliar os danos que poidan sufrir as persoas que cultiven as súas terras. Estas axudas deberían resolverse nun prazo inferior aos 3 meses e cubrir o 100% das perdas ocasionadas tanto a persoas propietarias que se dediquen profesionalmente á agricultura como aquelas persoas que teñan cultivos para autoconsumo.

ALEGACIÓN 15: Habilitar liñas de subvención para tarefas de restauración de muros e valados tradicionais, acondicionamento de camiños e sendas e tarefas de preservación do patrimonio natural e cultural presente no Parque.

Permisos e autorizacións

Para poder realizar moitas actuacións comprendidas dentro da zona protexida polo Parque Natural é necesario solicitar permisos e autorizacións das administracións correspondentes, como é a construción ou rehabilitación de vivendas, cortas, obras menores de reparación, etc. O trámite debера ter un prazo de resolución temporal determinado mais non é así, dándose casos de que as solicitudes tardan en resolverse demasiado tempo polo que pedimos a redución da burocracia e a axilización daquelas autorizacións e permisos que dependan da administración para garantir un correcto funcionamento do Parque.

ALEGACIÓN 16: Realizar os trámites necesarios para reducir a burocracia e incrementar a axilidade coa que se tramitan as solicitudes, autorizacións e permisos.

Usos e actividades tradicionais

No plano de zonificación do Parque nas tres áreas de uso limitado, uso compatíbel e uso xeral, consideramos que deben ficar excluídas da zona de uso limitado todas aquelas terras que sexan de uso agrícola e que na actualidade se prevén englobar dentro de usos limitados que implicaría un aumento dos trámites burocráticos para as persoas propietarias que quixesen cultivar as terras.

Por outra banda, ao longo do documento atopámonos referencias a que dentro do Parque estarán permitidos os “usos tradicionais” ou “actividades tradicionais” en relación á conservación da natureza, aos aproveitamentos agrarios, forestais, etc. pero non hai ningún apartado que conteña unha listaxe ou un maior detalle de que implica ese uso ou actividade tradicionais.

Desde hai décadas a falta dun PRUX fixo que moitas persoas abandonaran certas actividades por medo a sancións ou que o criterio para realizar determinadas actuacións fose o do persoal técnico do que dependía a resolución da solicitude ou autorización pertinente. Consideramos que esta indefinición é negativa para os intereses da veciñanza e entendemos que se debe detallar con maior precisión que se consideran os usos e actividades tradicionais.

No caso das limpeza das corcovas, estipúlase no punto 4.3.1.4.c:

“Será autorizable a realización de labores tradicionais cando sexan avaliadas como positivas para a conservación da biodiversidade e non ocasionen impacto negativo no medio natural e/ou contribúan ao mantemento de hábitats seminaturais. Neste punto inclúense actuacións como a corta de carrizo ou o mantemento de corcovas/cólcavas.”

Creemos necesario ampliar este punto dándolle maior exactitude e contemplando que tipo de actuacións se poden realizar e mediante que sistemas -manuais ou mecánicos- ou se é preciso dar conta á Administración ou non sobre estas tarefas.

Outra cuestión non menor, é a necesidade de facilitar aquelas cortas, podas e entresacas que eviten grandes sombras sobre os predios agrícolas. Esta tarefa faise máis precisa ante o escaso tamaño dos terreos e polo minifundio propio da zona.

ALEGACIÓN 17: Que se detalle de maneira clara e concreta que as zonas de uso agrícola carentes de hábitats, flora e fauna con necesidade de protección.

ALEGACIÓN 18: Que se concrete con maior precisión que se consideran os usos e actividades tradicionais.

ALEGACIÓN 19: Ampliar o punto 4.3.1.4.c dándolle maior exactitude e estipulando que tipo de actuacións se poden realizar, mediante que sistemas -manuais ou mecánicos- e se é preciso dar conta á Administración sobre estas tarefas.

ALEGACIÓN 20: Facilitar aquelas cortas ou podas das árbores e matorrais e sebes que hai nas extremas dos predios e nos arrós sempre e cando sexa para evitar grandes sombras nas plantacións e para garantir o paso da luz solar cara aos cultivos.

Control de visitantes

O PRUX establece no punto 1.12.1.f *“aínda que non se ten unha cifra precisa do número de visitantes, estímase en máis de 300.000 o número de visitantes anuais na última década”*. Malia contemplar o plan este elevado número de persoas usuarias non se detallas que tipo de mecanismos se contemplan para executar o punto 4.3.2.4.vii no que se establece que *“o Parque poderá establecer limitacións temporais no número de visitantes se así se fixese preciso, para garantir a conservación dos hábitats de interese comunitario, os hábitats das especies de interese para a conservación, e as propias especies de interese para a conservación”*.

Neste sentido desde o BNG consideramos que se deberían detallar os mecanismos que se prevé poñer en marcha para garantir a compatibilidade entre o uso e disfrute da zona por parte das persoas, coa preservación da flora, fauna, valores naturais, paisaxísticos que posúe o parque natural. Sobre todo porque nos meses de verán o Parque Natural presenta unha importante presión turística por mor da grande afluencia de visitantes, sobre todo en puntos concretos como son a praia do Vilar, Dunas de Corrubedo e río do Mar.

Un bo xeito de garantir a preservación dos valores ambientais, flora e fauna que posúe a zona protexida sería aumentar o número de gardas e guías que actualmente integran o cadro de persoal, que se ve claramente insuficiente para loitar contra os incumprimentos que se dan acotío. Un claro exemplo deste incumprimento son as pegadas que demostran como as persoas seguen accedendo á gran duna móbil a pesar de ser unha zona de uso limitado.

Por todo iso presentamos a seguinte alegación:

ALEGACIÓN 21: Aumentar o número de gardas e guías que permitan vixiar o cumprimento das normas e faciliten información relevante ás persoas que se achegan ao parque.

ALEGACIÓN 22: Dispoñer e facilitar dos elementos materiais necesarios ao persoal do Parque que faciliten e garantan o correcto cumprimento das normas vixientes no PRUX e nas demais normativas legais de aplicación.

Escaseza de persoal

O punto 5.5.1.a recolle que o Parque conta cun cadro de persoal composto de: 1 capataz de establecemento, 1 oficial de establecemento, 2 vixiantes de recursos naturais, 2 vixiantes de recursos naturais fixos discontinuos e 2 peóns fixos. Este número de traballadores e traballadoras é claramente insuficiente para atender un fluxo de visitantes de 300 000 persoas anuais, controlar e vixiar un parque de 996,25 hectáreas. Por outra banda, o Parque fica completamente desatendido e desprotexido entre as 21:00 e as 7:00 horas, algo alarmante se queremos coidar dos valores ambientais da zona.

Os Parques Naturais declarados en Galiza deben ser espazos de protección ambiental onde se coiden e preserven os valores naturais do noso país pero tamén deben ser lugares aprendizaxe e sensibilización

ambiental así como de dinamismo económico e social. Se a Xunta de Galiza non dedica os recursos económicos suficientes para dotar os Parques do número de persoal necesario, este labor non se poderá realizar.

Ante a carencia tan elevada de persoal e a ausencia de programas de educación e sensibilización ambiental mantidas no tempo de maneira estábel, non é inusual ver no Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán o incumprimento sistemático de certas normas malia estaren sinalizadas.

Por todo iso presentamos a seguinte alegación:

ALEGACIÓN 23: Realizar un aumento do persoal adscrito ao Parque Natural que permita manter o CIELGA e a Casa da Costa abertas en horario de mañá e tarde ao longo do ano.

ALEGACIÓN 24: Incrementar o número de gardas que permitan manter a vixilancia do Parque ás 24 horas do día evitando así a desprotección que sofre o Parque de 21:00 a 7:00 horas.

ALEGACIÓN 25: Contar co persoal suficiente para manter en bo estado as infraestruturas do Parque.

ALEGACIÓN 26: Contemplan no PRUX a realización de programas de sensibilización ambiental ao longo do ano e dirixidos a toda a poboación.

Eliminación de especies exóticas invasoras (EEI)

Segundo o recollido no punto 1.8.3 relativo á proposta de actuación para especies exóticas invasoras, faise unha estimación de reducir nun mínimo dun 75% a presenza de EEI na Zona I - Uso Limitado e nun mínimo dun 25% a presenza de EEI no Parque.

Se temos en consideración que este PRUX vai estar en vigor non menos de dez anos, esta proposta cremos que é pouco ambiciosa e se debería camiñar en actuacións decididas que permitan aumentar estas porcentaxes de eliminación de especies exóticas invasoras.

ALEGACIÓN 27: Instamos a que sexan obxectivos específicos do presente PRUX:

- a) Reducir nun mínimo do 90% a presenza de EEI na Zona I - Uso Limitado.
- b) Reducir nun mínimo do 75% a presenza de EEI no Parque

Protección dos corredores ecolóxicos e conexión do Parque cos LIC

Segundo o recollido no punto 1.10 relativo aos corredores ecolóxicos que permiten “a continuidade dos fluxos de materia e enerxía, e a conectividade das poboacións biolóxicas nun territorio, é fundamental para o mantemento da biodiversidade e o funcionamento dos ecosistemas” deberían iniciarse os procedementos oportunos pola actual lexislación para incrementar a súa protección mediante as diferentes figuras de protección que existen na actualidade.

Entendemos que hai que camiñar na dirección de aumentar as figuras de protección que actualmente teñen o río de Artes, o río de Sirves, o rego da Cidade, que desaugan na marisma do Carregal ou o rego do Vilar, que achega auga á lagoa de Vixán. Estes corredores e canles fluviais son vitais para as aves e ecosistemas presentes no Parque.

ALEGACIÓN 28: Iniciar por parte da Administración galega as modificacións legais oportunas para incrementar o nivel de protección que na actualidade dispoñen o río de Artes, o río de Sirves, o rego da Cidade e rego do Vilar.

ALEGACIÓN 29: Iniciar por parte da Administración galega todos os trámites para incrementar os Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) os metros cadrados do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán que acrecenten os espazos naturais con figuras de protección e permitan unir a zona LIC sita no Concello de Porto do Son co Parque.

Sinalización do Parque Natural

Estudos recentemente realizados (PÉREZ, 2015, p. 74-91)¹ constatan que a afluencia de visitantes establécese basicamente por dous accesos que son praia do Vilar e polas dunas cun 85% total das chegadas fronte ao 15% que chega ao Centro de Interpretación dos Ecosistemas Litorais de Galiza (CIELGA) e Casa da Costa.

Ante esta realidade coidamos que hai que actuar para evitar a degradación do contorno e realizar actuacións que produzan mudanzas no fluxo de visitantes para que as instalacións citadas no parágrafo anterior acollan unha maior porcentaxe das chegadas, contribuíndo así, á desconxestión das zonas máis saturadas e promover a educación ambiental.

ALEGACIÓN 30: Instalar novos paneis indicativos e informativos sobre os elementos emblemáticos do Parque poñendo en lugar destacado o CIELGA e a Casa da Costa como puntos de recepción de visitantes.

Promoción do patrimonio cultural do Parque Natural

No Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, alén do valor natural que presenta o Parque, existen numerosos elementos que teñen un valor cultural que convén preservar e promocionar para facilitar o seu coñecemento.

Son moitas as persoas que descoñecen que a día de hoxe no Parque hai localizadas; un castro, unha mina, dúas mámoas, un túmulo, estelas romanas, muíños de auga ou unha telleira. Tal e como recolle o punto 1.11 do PRUX o parque hai rexistrados os seguintes elementos de importancia cultural e patrimonial:

“Ruínas do castro do Porto de Baixo: no lugar de Anqueiro, a carón do mar, foi ocupado nos séculos VI-II a. C., e sería redescuberto no ano 1978. En decembro do 2004, fixéronse nel unhas pequenas escavacións para sacar á luz a súa gran muralla defensiva, de 90 x 40 m e forma ovalada.

Muíños de auga do río de Amendo: tanto de aparceiros (nos que os propietarios eran os veciños, que se repartían os días da semana nos que ían moer) como de maquia (xestionados por un muiñeiro, que cobraba a medida –maquia ou maquila- por cada saco que moía).

Mina abandonada de volframio de Pipín: explotada a mediados do século XX, o volframio que era extraído por homes era logo lavado por mulleres na fonte de Pipín, preto da praia do Vilar. Estivo activa na Segunda Guerra Mundial para fornecer de materia prima á industria bélica alemá. Existe un miradoiro próximo.

¹ PÉREZ, A. (2015). Planificación y turismo en el parque natural del complejo húmedo y dunar de Corrubedo. *Papers de turismo*, 57, 74–91. <http://www.papersdeturisme.gva.es/ojs/index.php/Papers/article/view/437>

Cólcavas: canles de rega revestidas con pedra que conducían auga ata as zonas de cultivo do Vilar e Amendo.

Túmulo de Pipín: monumento megalítico, de entre 4000 e 8000 anos de antigüidade. É a mostra máis antiga da presenza humana no Parque.

Estelas funerarias de Bretal: dúas estelas funerarias romanas que datan dos séculos II- III d. C.

Mámoa da Casa da Costa: situada no piñeiral fronte ao centro de interpretación, recentemente catalogada.

Telleiras: estes fornos para a elaboración de tellas foron unha industria importante no Barbanza no s. XIX. En Corrubedo destacan os fornos de Cortiza e de Canosa, hoxe en día abandonados e con aspecto de montículos, cheos de vexetación."

Desde o BNG cremos que alén destes elementos patrimoniais existe patrimonio etnográfico ou inmaterial tal como a toponimia, a microtoponimia, lendas, historias, etc. que se debería preservar.

ALEGACIÓN 31: Instalar paneis indicativos e informativos sobre os elementos con valor patrimonial, etnográfico, lingüístico e cultural mencionados no punto 1.11 do PRUX do Parque.

ALEGACIÓN 32: Contemplan no programa financeiro, recursos específicos para a posta en valor dos elementos culturais e patrimoniais mencionados no punto 1.11 do PRUX.

Por todo o anteriormente exposto, en nome do BNG, **SOLICITO:**

Que se teñan por presentadas estas alegacións e se teñan en conta as consideracións feitas antes da aprobación definitiva do Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán.

Ribeira, abril de 2021



Luís Antonio Pérez Barral
Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego

Luís Antonio Pérez Barral, concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Ribeira, presento as seguintes **ALEGACIÓNS ao Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán** dirixidas á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Exposición de motivos

Desde o BNG consideramos que o documento presentado pola Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda chega tarde, mal e arrastro por tres razóns; chega tarde porque o documento debería estar aprobado pouco despois de protexerse a zona en 1992, chega mal porque ten carencias importantes que non responden ás demandas históricas da poboación, nin aumenta a protección dos valores naturais e chega arrastro porque nin tan sequera se falou coa veciñanza que posúe terreos na zona protexida.

Creemos que presentar un documento sen contar coa participación dos colectivos ambientais e sociais é un erro de partida e consideramos que se pretende aprobar o documento á presa cando tan só se deixan 15 días para presentar alegacións. Isto é un síntoma do pouco que lle importa, aos responsábeis políticos desta consellaría da Xunta de Galiza, a natureza e os problemas que lles provoca á veciñanza as eivas deste PRUX así como a falta de investimentos ao longo das últimas décadas.

Moitos dos problemas que hoxe en día presenta o Parque Natural teñen un nome propio, Partido Popular, pois son os seus dirixentes os causantes de sumir ao parque nun absoluto estado de abandono, onde non hai investimentos suficientes e onde as demandas veciñais son sistematicamente ignoradas. Esta inacción non só implica á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda senón que tamén implica á Xunta Reitora do Parque Natural ou ao propio Concello de Ribeira.

En contraposición, desde o BNG presentamos estas alegacións que poden resumirse en 3 eixos fundamentais; máis investimentos para conservación da natureza, resolver as demandas formuladas polos colectivos veciñais e promover actuacións que rivitalicen a zona natural.

ALEGACIÓNS AO PORN:

Planificación urbanística

Somos coñecedores de que tanto o PRUX, como o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN), implican restricións e limitacións á hora de facer construcións ou de ampliar as vivendas xa existentes dentro da zona protexida. Este tema é algo espiñento para o Concello de Ribeira pois o goberno local non ten vontade de actualizar o seu Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) que atalle a situación actual de falta de ordenación clara e un volume desmesurado de edificabilidade. A actualización do PXOM é necesaria para salvagardar os valores naturais pero tamén ordenar o territorio dunha maneira axeitada facilitando un urbanismo harmónico mediante a construción de vivendas unifamiliares, respectuosas co medio e integradas co entorno da zona protexida.

Segundo estipula o documento no seu punto 1.4.:

“O PRUX terá carácter vinculante e, de acordo co artigo 19 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, o PRUX prevalecerá sobre o plan urbanístico e ordenación do territorio. Cando as súas

determinacións sexan incompatibles coas da normativa urbanística en vigor, os órganos competentes revisarán esta última de oficio.

As determinacións do PRUX aplicaranse sen prexuízo da lexislación agraria, forestal, de augas e demais normativa sectorial. No caso de contradición entre diferentes normas será de aplicación aquela de carácter máis protector sobre os valores naturais do parque.”

En realidade, calquera reforma urbanística do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira, está baixo o disposto no PORN do Parque Natural pero atopámonos ante un PXOM aprobado no ano 2003 e que non está actualizado en base ás normativas vixentes a día de hoxe.

ALEGACIÓN 1: Os instrumentos de planificación que se someten a aprobación definitiva, isto é, tanto a modificación do PORN como a aprobación do PRUX, deben ordenar urbanisticamente o territorio do Parque Natural, posto que a submisión á normativa municipal, o PXOM, é unha ferramenta desactualizada con respecto ás necesidades actuais.

ALEGACIÓN 2: Que o PRUX determine con maior grao de precisión que tipo de actuacións estarán permitidas e cales non nas zonas de uso compatíbel e xeral.

ALEGACIÓN 3: Permitir a construción de vivendas unifamiliares en terreos do Parque Natural sempre que estean nun núcleo consolidado de poboación.

ALEGACIÓN 4: Establecer unha normativa que permita a construción de vivendas unifamiliares en núcleos consolidados de poboación que deban atender a criterios e técnicas de construción sostíbeis, eficiencia enerxética, integración no contorno, aproveitamento dos recursos naturais, etc.

Protección dos corredores ecolóxicos e conexión do Parque cos LIC

Segundo o recollido no punto 1.10 relativo aos corredores ecolóxicos que permiten “a continuidade dos fluxos de materia e enerxía, e a conectividade das poboacións biolóxicas nun territorio, é fundamental para o mantemento da biodiversidade e o funcionamento dos ecosistemas” deberían iniciarse os procedementos oportunos pola actual lexislación para incrementar a súa protección mediante as diferentes figuras de protección que existen na actualidade.

Entendemos que hai que camiñar na dirección de aumentar as figuras de protección que actualmente teñen o río de Artes, o río de Sirves, o rego da Cidade, que desaugan na marisma do Carregal ou o rego do Vilar, que achega auga á lagoa de Vixán. Estes corredores e canles fluviais son vitais para as aves e ecosistemas presentes no Parque.

ALEGACIÓN 5: Iniciar por parte da Administración galega as modificacións legais oportunas para incrementar o nivel de protección que na actualidade dispoñen o río de Artes, o río de Sirves, o rego da Cidade e rego do Vilar.

ALEGACIÓN 6: Iniciar por parte da Administración galega todos os trámites para incrementar os Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) os metros cadrados do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán que acrecenten os espazos naturais con figuras de protección e permitan unir a zona LIC sita no Concello de Porto do Son co Parque.

Compensación económica a persoas propietarias

As Administracións Públicas deben compaxinar o interese público que supón protexer e conservar o patrimonio natural desta área, dun grande valor ecolóxico, co dereito que teñen as persoas

propietarias de terreos dentro do Parque Natural a desenvolverse economicamente e a seren compensadas, no caso de estaren dispostas a vender os seus terreos. Desde o BNG entendemos que se poden habilitar as partidas orzamentarias para que de maneira anual se poidan mercar terreos de persoas dispostas a vendelos para integralos ao patrimonio público.

ALEGACIÓN 7: Incluir no PORN unha memoria económica que especifique partidas orzamentarias concretas para compensar ás persoas afectadas, propietarias de terreos e titulares de dereitos consolidados, ás que se lle limita o desenvolvemento das súas actividades e que estean en disposición de vender os seus terreos.

Deportes no Parque

No epígrafe c.iv da Zona II de uso compatíbel, recolle a prohibición de realizar “windsurf, land windsurf, kitesurf e outros deportes similares”. Desde a Consellaría debería reconsiderarse esta prohibición xa que a día de hoxe non se rexistra unha situación de saturación pola realización destes deportes nin hai estudos que demostren que a súa práctica teña unha afección que prexudique á flora e fauna.

ALEGACIÓN 8: Retirar do PORN a prohibición da práctica deportiva de windsurf, kitesurf e outros deportes similares.

Zona de baño

Dentro da Zona I de Uso Limitado, existe unha zona coñecida como Río do Mar que a veciñanza leva anos empregando como zona de baño por ser un espazo tranquilo, sobre todo para a rapazada. Cremos que, coas respectivas medidas de protección, debería permitirse o baño.

ALEGACIÓN 9: Permitir que a zona do Río do Mar na desembocadura da lagoa de Carregal, se poida empregar por parte da poboación como zona de praia e baño.

Acceso con mascotas

O Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN) establece no epígrafe das zonas de uso compatíbel a prohibición no acceso de mascotas ás praias agás cans-guía e de rescate.

ALEGACIÓN 10: Revisar a prohibición para que en determinadas zonas de praia poidan acceder as mascotas sempre que vaian con bozo e correa nos meses que non implique inconvenientes para a flora e fauna existentes no Parque.

ALEGACIÓN 11: Instalar sinalización das novas normas nos principais accesos ao Parque facilitando o acceso ás mesmas mediante códigos QR e páxina web.



Por todo o anteriormente exposto, en nome do BNG, **SOLICITO:**

Que se teñan por presentadas estas alegacións e se teñan en conta as consideracións feitas antes da aprobación da modificación do Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán.

Ribeira, abril de 2021

Luís Antonio Pérez Barral
Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego